

**INFORME SOBRE AS PRODUCCIÓN MEDIAS DE PATACA E CEREAL OBTIDAS NA COMARCA DA LIMIA DURANTE A CAMPAÑA 2015/2016**

**I. Metodoloxía de toma de datos.**

Os datos recollidos no presente informe obtivéronse segundo o seguinte procedimento.

- Visitas de campo ás principais zoas produtoras dentro da comarca.
- Enquisa a 50 agricultores como mostra representativa, tanto das zoas produtoras como dos diversos tipos e tamaños de explotacións.
- Enquisa a almacenistas de pataca e cereal.

**II. Zoa obxecto de estudio.**

O presente informe enmarcase na comarca da Limia, incluíndo ademáis a parte correspondente ó concello de Xunqueira de Ambía que formaba parte da Lagoa de Antela .

### III. Producción de cereal.

#### a) Cereal de Inverno.

A superficie plantada durante a campaña 2015/2016 de cereal de inverno na comarca da Limia estaría cerca das 9500 ha, de tal xeito que esta superficie suporía un aumento de preto dun 20 % con respecto a campaña 2014/2015, este aumento relativo na sementeira de cereal de inverno debeuse a que as altas temperaturas sufridas durante o verán do 2015 causaron unha baixa produción de cereal de primavera mentras que favoreceron en dita campaña o aumento nos rendimentos de cereal de inverno causando así unha preferencia (axudada polo tempo enxoiro do outono do 2015) pola sementeira de cereal de inverno.

Da superficie destinada a cereal de inverno preto dun 70 % se corresponde con diversas variedades de trigo mentres que o 30 % restante se o reparten as sementeiras de centeo e triticales (hai que mencionar en relación á sementeira de centeo que cada vez están a ocupar un maior nicho de plantacións os centeos híbridos de teórica maior resistencia ó asulagamento e menor dose de semente por hectárea, 80 kg/ha fronte os 200 kg/ha dos centeos e triticales máis común).

Por mor do asulagamento que se produxo na Limia practicamente dende o mes de decembro do 2015 ata abril 2016, a superficie de cereal de inverno sufríu grandes danos causados por:

- Morte das prantas por asulagamento do terreo.
- Alta incidencia de enfermidades fúxicas, fusarium e roias principalmente, agravadas pola imposibilidade da realización de tratamentos fitosanitarios (imposibilidade de realización de labouras mecanizadas).

- Competencia coa flora arvense, a imposibilidade da aplicación de herbicidas selectivos causou unha proliferación de malas herbas en competencia directa co cultivo.

Segundo o arriba indicado, as perdas causadas polo factores mencionados causarón perdas de produción que se poden cuantificar segundo a taboa que se mostra:

<b>Cultivo</b>	<b>Superficie plantada estimada</b>	<b>Kg/ha (intervalo esperado)</b>	<b>Perdas de produción</b>
<b>Trigo inverno</b>	6500	3000-5500	80 %
<b>Centeos+ Triticales</b>	3000	3000- 5000	60 %

En termos xerais se consideramos que a produción da campaña 2014/2015 no referente ó ceral de inverno se fixou en torno ós 40.000.000 de kg (dita campaña foi moi boa no tocante a produción do cereal de inverno), a campaña 2015/2016 se viu reducida ata os 6.000.000 kg no tocante ó trigo e ata os 4.500.000 kg no tocante a suma da produción do centeo e o triticales.

**b) Cereal de primavera.**

A superficie sementada de cereal de primavera na campaña 2015/2016 se situaría en torno ás 2500 ha, esta cifra supón un claro descenso na superficie plantada con respecto á campaña anterior que, acorde coa media da comarca, se fixou no intervalo das 5000-5500 ha.

Este descenso de produción debeuse por un lado a priorización da sementeira de cereal de inverno (20 % menos segundo o exposto no punto III.a) e principalmente polo atraso nas datas de plantación debido ós asolagamentos do inverno.

Por outro lado máis dun 40% da superficie plantada non se colleitou, xa que as elevadas temperaturas do verán condicionaron que en moitos casos a planta practicamente non producirá gran.

Segundo o arriba indicado a superficie que se colleitou de cereal de primavera na Limia quedaría reducida a unhas 1500 ha.

No referente ás producións indicar que debido as altas temperaturas do verán do 2016 e a practica ausencia de precipitacións durante o ciclo productivo do cereal de primavera as producións víronse reducidas a un 50 % do que sería habitual na zona.

Cultivo	Producción media anual	Producción media campaña 2016
Tremesino do país	2000-2500	1000-1200
Variedades comerciais	3000-4000	2000-2500

En termos xerais de comparativa de produción :

Campaña	ha colleitadas	Producción media	Total
2014/2015	5000	2500	12500000
2015/2016	1500	2000	3000000

Teremos logo una redución de produción dun 75 % na campaña 2015/2016 con respecto á campaña anterior.

#### **IV. Patacas.**

A superficie plantada de patacas na Limia durante a campaña 2015/2016 se situa en torno ás 3400 ha de patacas das cales 2800 se corresponderán con explotacións en regadío e en torno as 600 ha en secano.

En relación a tipificación da pataca plantada, hai que mencionar que un 70 % se corresponde con variedades de mercado destino industrial tipo Agria, Fontane ou Lady Amarilla. O restante 30 % ira destinado o mercado de consumo en fresco, ocupando Kennebec un 60 % e un 40 % variedades sobre todo de pel vermella encamiñadas o mercado portugués. Remarcar o retroceso na superficie plantada de Kennebec ó longo dos últimos 10 anos.

O retraso nas data de plantación, al altas temperaturas do verán que dificultaron a tuberización, es especial nas variedades de ciclo longo (variedades para industria) e a escaseza de precipitacións do verán causaron un descenso de produción con respecto á pasada campaña.

O descenso de produción mencionado foi máis acusado nas variedades de industria en regadío marcándose como media unha diminución do 20 % con respecto á media anual acumulada quedando a produción media en torno ós 35.000-40.000 kg/ha.

No tocante ás variedades de consumo en regadío o descenso foi menor e marcarase en menos dun 10 %, quedando a produción media no intervalo 30.000-35.000 kg/ha.

No tocante ó secano, a redución de colleita supoxo, independientemente das variedades, unha redución de máis do 50 %.

Así pois en termos xerais, no tocante á pataca, a produción total da Limia fixaríase, para a campaña 2015/2016 entre as 75.000 e as 80.000 tn.